



A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 4 de maio de 2016, **CONSIDERA PERTINENTE** actualizar o ditame do 28 de marzo de 2016 de inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

OCRIPLASMINA

en pacientes adultos, para o tratamento da tracción vitreomacular **sintomática** diagnosticada mediante tomografía de coherencia óptica, incluídos os casos en que ésta se presenta asociada a un burato macular, e cos seguintes criterios clínicos:

- Ausencia de membrana epirretiniana.
- Tamaño da tracción vitreomacular igual ou inferior a 1.500µm.
- Tamaño do burato macular inferior a 400µm.
- Pacientes fáquicos.

Ante a modesta eficacia clínica e o perfil de seguridade amosados nos ensaios clínicos, levarase a cabo un rexistro de avaliación de resultados de efectividade e reaccións adversas tras un período de **seguimento comprendido entre os 3 e 6 meses** (*modificación maio 2016*) (xúntase plantilla de rexistro).

Recoméndase valorar a posibilidade de agrupación de pacientes na administración de ocriplasma para maximizar a eficiencia.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2016

O presidente da Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica



COMISIONS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO
GALEGO DE SAÚDE

PLANTILLA DE REGISTRO DE AVALIACIÓN DE RESULTADOS DE EFECTIVIDADE E REACCIÓN ADVERSA

[illegible]

* OCT: tomografia de coerência óptica
AV: agudeza visual

asistencia.sanitaria@sergas.es
www.sergas.es
Tel. 881 542 815 - Fax 881 542 897
Edificio Administrativo San Lázaro
15703 - Santiago de Compostela - A Coruña